



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA E DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN CIVIL.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel Ma Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Doutra parte, Eligio Nieto Lama, presidente da Federación Gallega de la Construcción, facultado para a formalización deste convenio en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 31 dos seus estatutos.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos o impulso, a coordinación e a xestión da política autonómica en materia de estradas e, para tales efectos, correspóndelle, entre outros, a planificación e construción das estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.



Segundo. O artigo 13.3 i) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras, recolle como función da dirección da axencia a elaboración dun informe anual sobre a súa actuación e xestión.

Terceiro. A Axencia Galega de Infraestructuras é un dos órganos de contratación do sector público autonómico que máis incidencia ten no sector da construción de obra civil, posto que a maior parte do seu orzamento destínase a obras de construción de infraestructuras.

Cuarto. A Federación Gallega de la Construcción leva 30 anos realizando o seguimento da contratación da obra pública na Comunidade Autónoma de Galicia, recollendo a información dende o inicio do procedemento de contratación ata a súa adxudicación e posterior formalización, polo que dispón dunha base de datos en materia de obra pública que podería ser de gran utilidade para o desenvolvemento das funcións da axencia. Así mesmo, proporciona asistencia xurídica e técnica ás empresas construtoras e ten unha imaxe fidedigna da situación do sector.

Quinto. En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Federación Gallega de la Construcción. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Federación Gallega de la Construcción para o intercambio da información necesaria para o desenvolvemento dos traballos da Axencia, así como ter un maior coñecemento do sector da construción civil que redunde nunha mellora e axilización dos procedementos da Axencia.



SEGUNDA. COMPROMISOS DA FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN

A Federación Gallega de la Construcción comprométese a achegar toda a información da que dispoña sobre licitación de obra pública que poida resultar de utilidade para o desenvolvemento das funcións propias da Axencia Galega de Infraestructuras, así como toda a información que resulte pertinente en relación o sector da construción civil. O acceso á información facilitaráselle a AXI no momento no que sexa requirido.

Así mesmo, a Federación deberá expedir a documentación acreditativa pertinente onde se consigne o importe que deba satisfacer a Axencia, nun único pago, dentro dos tres meses seguintes á sinatura do presente convenio.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de contribuír economicamente coa Federación Gallega de la Construcción co fin de facilitar a execución desta actividade, destinando para iso ata un máximo de **DEZ MIL TRESCENTOS VINTE EUROS (10.320,00 €)**, IVE engadido de ser o caso, con cargo aos orzamentos do ano 2017, aplicación 08.A1.512B.640.1, código de proxecto 2007-00282.

A cantidade sinalada aboarase á Federación Gallega de la Construcción nun único pago.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestructuras e un representante da Federación Gallega de la Construcción. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:



-Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

-Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.

-Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, consonte o establecido no artigo 4.2 da antedita lei.

SEXTA.-MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

SÉTIMA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancia, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, poñendo así fin á vía administrativa.



2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efecto dende a súa sinatura ata o 31.12.2017

En proba de conformidade asinan por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestructuras

O presidente da Federación Gallega de
la Construcción

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Eligio Nieto Lama